

# A VINGANZA DUNHA MULLER

[Rita Azevedo Gomes, 2012]

## OS OLLOS VERDES

ESTREA EN NUMAX: 20.05.2016 | v.o.s.g.

A vingança de uma mulher (2012, 104')

**Dirección:** Rita Azevedo Gomes

**Guión:** Rita Azevedo Gomes —adaptación libre de *Las Diabólicas*, de Barbey d'Aureville—.

**Reparto:** Rita Durão, Fernando Rodrigues, Hugo Tourita, Duarte Martins, Francisco Nascimento, Marie Carré, João Pedro Bénard, Manuel Mozos, André Gomes, João Reis, Susana Moody, António Azevedo Gomes, Anna Leppänen e participación especial de Isabel Ruth

**Montaxe:** Patrícia Saramago

**Dirección de arte:** Pedro Sá

**Son:** Vasco Pimentel (rexistro), Joaquim Pinto,

Nuno Leonel (deseño de son)

**Fotografía:** Acácio de Almeida

**Produtora:** C.R.I.M. Produções (Portugal)

**Distribuidora:** NUMAX Distribución

**Formato de proxección:** DCP 2K, 1.85 : 1

## FESTIVAIS

Sección Oficial de Rotterdam 2012, Jeonju 2012, Edinburgh 2012, Viennale 2012, MARFICI 2013 e BAFICI 2014

## FILMOGRAFÍA

*A Coleção Invisível*, 2009

*A Conquista de Faro*, 2005 [curtametraxe]

*15a Pedra: Manoel de Oliveira e João Bénard da Costa em Conversa Filmada*, 2004

*Altar*, 2002

*Frágil Como o Mundo*, 2001

*King Arthur*, 1999

*Intromissões*, 1998

*O Cinema Vai ao Teatro*, 1996

*O Som da Terra a Tremer*, 1990

## SINOPSE

Roberto é vítima dun profundo fastío outonal, o de quen esgotou todos os praceres da vida. Un dandi, dirán uns; un libertino, dirán outros. Unha noite, de regreso aos salóns lisboetas tras unha longa viaxe, crúzase por azar cunha muller misteriosa, esposa dun dos homes máis ricos de España. Este inesperado encontro cunha historia de amor absoluto e crime atroz trastornará para sempre a súa visión do mundo.

«Combina poesía, pintura e teatro nunha deslumbrante reformulación visual do relato de Barbey d'Aureville»

Julien Fester, LIBÉRATION

# OS OLLOS VERDES: RITA AZEVEDO

## A VINGANZA DUNHA MULLER

+ AULA OS OLLOS VERDES

«CINEMA: LUZ FELIZ E MALIGNA»

Sábado 21 de maio 2016 | 11:30

Entrada de balde previa reserva

Duración estimada: 2 horas



«Estar alí,  
esa era a miña escola»

Entrevista a Rita Azevedo Gomes

Por Clémence Diard e Tifenn Jamin

**Como chegas ao cinema? Cal foi o teu percorrido até A vinganza dunha muller, filme que nos fixo coñecer o teu traballo?**

Tiven moitos traballos, houbo sempre moito movemento na miña vida. Mais non fiquei en ningures, agás na Cinemateca na que sigo a ser programadora logo de varios anos. Estudei Belas Artes e o cinema chegou de seu, atopouse no meu camiño. Un día no que me atopaba sen traballo e tiña que me gañar a vida propuxéronme facer un programa para emigrantes. Era 1976, xusto despois da Revolución, e o programa era á vez radiofónico, televisivo e xornalístico. Ese proxecto levoume a coller por vez primeira unha cámara. Comecei a filmar e algo realmente importante agromou en min. Tamén pensei de quen me gustaría aprender. Naquela época soñaba traballar con Nicholas Ray, Manoel de Oliveira e Werner Schroeter.

Manoel de Oliveira fixera *Amor de perdición* (1979) e dispúñase a gravar *Francisca* (1981). Eu, que non sabía apenas nada de cinema, de técnica, de nada, quería traballar no seu filme. Collín valor para abordalo nun café. Díxenlle: «Quero traballar con vostede». E así comezou. Comecei de asistente de vestiario e ao remate da semana xa era a responsábel. Tiña a sensación que estaba alí, no cinema, onde debía estar.

**Traballaches de realizadora, produtora, montadora...?** Como dixen o primeiro que quería facer era observar. No momento no que me atopaba no plató xa estaba feliz. Daquela tiven varios traballos, de todo agás coller a cámara. Fun deseñadora de vestiario, deseñadora artística, decoradora... «Estar alí», esa era a miña escola. Pouco importaba en que sección. Unha vez fixen de figurante de *Las tres coronas del marinero* (1983), un filme de Raoul Ruiz, só porque quería saber como era traballar con el.

**Que cineastas te marcaron? Xa nos falaches de Ray, Ruiz...** Non tanto Ruiz, aínda que me fascinaba a súa rapidez na toma de decisión. Como podía gravar 50 planos nun día? Hai cineastas que

NA LIBRARÍA NUMAX  
OS LIBROS DE RITA AZEVEDO

*Los ensayos (según la edición de 1595 de Marie de Gournay)*. Michel de Montaigne. Acantilado, 2007

*Gli imperdonabili*. Cristina Campo. Adelphi, 1987

*Crime e castigo*. Fiódor Dostoievski. Galaxia, 2015

*Jeunesse sans dieu*. Ödön von Horváth.

Christian Bourgois, 2006

*Ternos guerreiros*. Augustina Bessa-Luís.

Guimarães Editores, 2010

*As mágoas do mozo Werther*. Johann Wolfgang

von Goethe. Galaxia, 2015

*Livro sexto*. Sophia de Mello Breyner Andresen.

Assírio & Alvim, 2014

*La muerte de Empédocles*. Friedrich Hölderlin.

Acantilado, 2001

*Amado mío*. Pier Paolo Pasolini. Seix Barral, 2015

*Réflexions sur mon Métier*.

Carl-Theodor Dreyer. Editions de l'Etoile, 1997

Colaboran:

CONCELLO DE  
SANTIAGO

Deputación  
DA CORUÑA



# A VINGANZA DUNHA MULLER

[Rita Azevedo Gomes, 2012]

## BIOFILMOGRAFÍA

Aínda que a obra cinematográfica de **Rita Azevedo Gomes** (Lisboa, 1952) gañou relevancia internacional tras a estrea d'*A vinganza dunha muller*, o seu traballo creativo encontra as raíces nos anos setenta no mundo das belas artes. A súa filmografía arranca oficialmente en 1990, con *O som da terra a tremar*, obra fundacional que remite ao cinema de Marguerite Duras e anuncia un universo referencial decididamente feminino. A este primeiro filme sucédennlle outros dez que van pouco a pouco perfilando a singular proposta creativa de Rita Azevedo, desde a homenaxe a un dos seus principais mentores en *Parabéns Manoel de Oliveira: Intromisões* (1998), á historia de amor imposible ambientada no rural portugués de *Frágil como o mundo* (2001), pasando por *A conquista de Faro* (2005) e *A coleção invisível* (2009) nas que se anuncia o fértil encontro creativo coa actriz Rita Durão, que desemboca na súa obra mestra: *A vinganza dunha muller*.



evidentemente sempre me gustaron, e cada vez máis: Dreyer, Bergman, Bresson, Ray, Murnau, Buñuel, Ford... Hai filmes que reviso na Cinemateca cada vez que os proxectamos. De todas as nosas influencias, como poden ser a pintura, a música, a vida, os amigos, hai algunhas que me gusta reencontrar acotío.

**Entrando xa n'A vinganza dunha muller. Semella que todo funciona de seu, de xeito natural, atopando sempre o ton axeitado.** Sempre tiveron unha preocupación primaria: o cadro. E mesmo cando se move —e móvese dabondo, entre os movementos da cámara e os actores— poño sempre unha atención especial en saber que se atopa no cadro en cada momento. Hai tal fluidez no texto de d'Aureville que tomei a decisión de non cortar o plano agás cando o texto o propuña. Non tiña necesidade de cambiar de plano simplemente porque os seus elementos ou os personaxes cambiaran. Coido que o corte non pode ser gratuito, e tiveron a teima de procurar que as mudanzas fosen internas e non físicas. A luz muda, o cadro muda, o decorado muda, sen que tiveramos necesidade de cortar e saltar lugar a outro. É por iso que o filme precisaba ser feito en estudio. Sempre me pregunto o por que das cousas. Por que cortar o plano e por que non. Mesmo pensei en facer o filme nun só plano, como Sokurov en *El arca rusa* (2002), mais non era posíbel, precisaba do corte en determinados intrses.

**Que te levou a adaptar a novela de Barbey d'Aureville? A idea do fatalismo?** Non o sei. Cando lin o texto díxenme inmediatamente: «Quero facer



un filme con isto». Era 1995. Un día mostreille o primeiro guión a João César Monteiro que me dixo: «Estás tola, é un texto extraordinario pero imposible de filmar». Mais eu son un pouco teimuda. Tiña imaxinado desde o principio o filme tal e como o fixen, é dicir, quería que en todo momento alguén narrase a historia. Primeiro hai un narrador, logo a duquesa, despois Roberto e ao final o cura. Mais por que este texto? Non o sei. Supoño que hai algo en min que se aferra a el... Debo ter unha certa tendencia aos precipicios e os mundos decadentes. Toda esta densidade da vida e o enigma, os diaños e os anxos. Que pode dun momento a outro mudar e converterse no contrario. O paraíso e o inferno non se atopan tan lonxe.

Publicado en <http://www.repliques.net/>

## «Quería un filme de época que tocase os nosos días»

Por Álvaro Arroba

**O traballo co son de Joaquim Pinto, en certo xeito, percorre todo o cinema portugués. Como é?** Coido que Joaquim Pinto é o mellor sonidista que tivemos, cunha cultura musical infinita e unha creatividade fabulosa. En relación *A vinganza dunha muller*, moi honestamente, o meu concepto da banda sonora do filme estaba moi lonxe do que rematou sendo. Tiña, na miña cabeza, músicas completamente diferentes. Cando lle mostrei o filme a Joaquim (coido que ademais de ter un

gusto increíble, sabe moito de técnica) e a Nuno [Leonel], eles volvéronse cara a min e díxéronme que era un filme ultramoderno, non un filme de época.

Realmente quería que, aínda que fose un filme de época, tocase os nosos días, de aí o narrador e todas esas cousas. Pero entón, eles comezaron a ver que non podía ter o romanticismo que eu tiña pensado. E realmente tiñan razón; non se podía pór na banda sonora o que xa estaba na imaxe. Polo tanto, partiuse cara a unha proposta totalmente inesperada, que era a Segunda Escola de Viena. Pero claro, cando apareceron aqueles sons, eu fíquei un pouco desubicada no filme. A coincidencia entre imaxe e música era, por un lado, perfecta, mais desconcertábame: estaba habituada ao que tiña na cabeza. Pasaron uns días até que conseguín entrar naquel proxecto e, despois, foi un delirio con cada cousa que aparecía. Se Joaquim e Nuno non tiveran entrado o filme sería diferente. E gústame esa deconstrución

**Por que cres que elixiu música dodecafónica para unha historia tan romántica? Aínda que tamén teña unha posta en escena un pouco distanciada, un pouco brechtí un pouco Schroeter.** Aquela historia que parece inverosímil nos nosos días, non o é tanto. De socato, convértese nunha cousa composta, hai unha composición para chegar até alí. Coido que o cinema ten moito diso que ten a ver coa música; é necesario compoñer, pór unhas cousas coas outras. E, neste caso, a música, que non é unha música da época senón máis recente, engádelle certa artificialidade ao filme. Creo que o enriquece porque se, realmente e como



tiña previsto, tivese posto por exemplo a Mozart na escena do tear, sería outro filme. Por iso ao empezo sentín un desaxuste e logo entendín que non, que coas músicas e os sons de Pinto e Nuno, no canto de esvarar enriba da imaxe, o son abría a imaxe.

**É interesante a cuestión do son directo e a dobraxe no cinema portugués que, por algunha razón, é moi straubiano.** Si que o é a partir dun determinado momento en que algúns cineastas moi bos comezan a fascinarse con el, pero non sempre foi así. Lembro de ver os primeiros Straub en Lisboa, porque había un director do Instituto Alemán que programaba cousas extraordinarias e fixo algúns ciclos del. Iamos todos ao Instituto Alemán ver un cinema que ninguén vira antes. E tamén estivo Straub aquí, foi unha cousa moi importante para nós, con aqueles debates finais. En fin, era algo nunca visto e moi forte. Coido que foi decisivo para algunhas persoas do cinema portugués. Pola miña parte, e xustamente porque me gusta moito Straub, vaime custar dicir o que vou dicir, mais creo que se o mundo fose como o ve Straub, eu non sería feliz. Mais Straub é granítico, é diamante. Unha vez saín conmovidísima de *Sicilia!* (1999) pensando que nunca antes se me caera unha bágoa nun filme seu. Alí semella que o diamante verqueu unha bágoa. É un filme moi conmovedor, igual que os últimos que fixo. Creo que, de súpeto, hai alí outra cousa, unha soidade enorme. Agora sen Danièle. Son preciosos.

Publicado por <http://www.ocec.eu/cinemaparative/> Tradución: Xan Gómez Viñas

## «CINEMA: LUZ FELIZ E MALIGNA» AULA OS OLLOS VERDES CON RITA AZEVEDO

SÁBADO 21 DE MAIO 2016 | 11:30H

Entrada de balde previa reserva en [comunicacion@numax.org](mailto:comunicacion@numax.org)  
Duración estimada: 2 horas

Na clase maxistral incluída na Aula Rita Azevedo Gomes fará un percorrido pola súa traxectoria cinematográfica, desde a súa formación no eido das Belas Artes e o seu traballo canda Manoel de Oliveira, até o proceso creativo que desemboca na súa obra mestra: *A vinganza dunha muller*. Na aula titulada *Cinema: luz feliz e maligna*, Azevedo Gomes estará acompañada por Patrícia Saramago, montadora do filme que conta cunha ampla experiencia na edición cinematográfica, traballando acotío con cineastas da talla de Pedro Costa.

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TEL 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)